## ACTA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Efrén Castro Caloto
Dª. Mª. Del Pilar García Porto
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e un de xuño de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten os señores deputados don Pablo Rivera Capón e don Daniel García Fernández.



| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 1/71 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de xuño de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE OFICINA TÉCNICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos de oficina técnica de seguridade da información e protección de datos de carácter persoal da Deputación de Lugo, 2024/CON_02/000045, consta no mesmo:

1.- Orden de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7X6P343M5IV2RC6RHAAVZ76M[1]
2.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XE7QIB37IRH6D6YEHCZTXM4.
3.- Prego de prescricións técnicas, CSV: IV7X6P3SB4MKRGGCAIN4KDQVGU.
4.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XFQB6NPRP33NKUMWWHYQPGE.
5.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XFXL4DNUDIW7I2FOCL3QGPY.
6.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7XFXLSPEVTTX43WEPTIZRPGQ.
7.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 2/71 |

**1º.-** Aprobar a contratación dos servizos de oficina técnica de seguridade da información e protección de datos de carácter persoal da Deputación de Lugo, 2024/CON_02/000045, por un período de dous anos, susceptible dunha prórroga anual.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 330.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 34.650,00 €, o que fai un total de 399.300,00 €.

O importe financiarase de acordo co seguinte detalle:

| ANUALIDADE | APLICACIÓN | IMPORTE | RC |
|---|---|---|---|
| 2025 | 9200.22706 | 199.650,00 | 220249/362 |
| 2026 | 9200.22706 | 199.650,00 | 220249/362 |

A presente proposta de gasto anticipado cumpre co establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18º de execución do Orzamento Xeral.


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 3/71 |

O gasto financiarase con cargo á anualidade 2025 e 2026, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2025 e 2026 as cantidades indicadas, na aplicación."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 13 de xuño de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*:

1. Proposta de inicio e memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Benestar Social da Deputación de Lugo, con CSV: IV7XVS2LPEZ6WVGCWPQHA5HROY[2].
2. Prego de prescricións técnicas, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social con CSV: IV7XWWZIPUHT32NDSF5TBZTFAQ.
3. Informe de Intervención Xeral con CSV: IV7XWWJT3RHJVOEPXVEAOP2CNY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XQ2IOZYXTWW7C7QMS4FDGOU.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7XQ2ISD3XL3DGSTTQBE5SR6E.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7XQ2QIGHUOJ6VLYY7SCXYGMY.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7XQ2Q6HNZJ5W5D3TVM6QAHIE.
8. Acordo da Xunta de Goberno do 5 de abril de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7XQHX6GB42LOFL6IAA577VLY.
9. Anuncio de licitación publicado o 9 de abril de 2024 na Plataforma de Contratos do Sector Público.

---

2 Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

10. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 10 de maio de 2024, con CSV IV7X6EC43NX4JXZKWRHWN72TKY, na que se recolle o seguinte:

(…) "Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público é a seguinte: Servicios de teleasistencia, S.A.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que a única empresa concorrente presentou dentro do prazo concedido a tales efectos a súa proposta, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, cos seguintes resultados:

O Anexo I presentado pola empresa Servicios de Teleasistencia, S.A. axústase aos requisitos recollidos no PCAP, polo que se acorda admitir a esta empresa.

A mesa de contratación acorda proceder á apertura do sobre electrónico da licitadora admitida, relativo aos criterios avaliables mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que a licitadora presenta a memoria técnica.
A Mesa acorda enviar a documentación contida en ditos sobres a informe e valoración do Servizo de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.
E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 11:08 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico
(...)"

11. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 16 de maio de 2024, con CSV IV7XYUHCJXUD7OGPQ4XTKNLDEM, na que se recolle o seguinte:

(...) A Presidenta da conta do informe con CSV: IV7X6EHDCB5YT6BDW7QMEZIVEA, emitido pola xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo, Silvia García López, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor da proposición presentada pola única empresas licitadora neste procedemento, Servicios de Teleasistencia, S.A., atribuíndolle a seguinte puntuación:

| CALIDADE PRESTACIONAL: PROPOSTA TÉCNICA VINCULADA CO PLAN DE TRABALLO | CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA NO ÁMBITO DA SUSTENTIBILIDADE E DA CALIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 18,00 | 13,50 | 31,50 |

A Mesa, por unanimidade, acorda aceptalo e en consecuencia incorporar a puntuación informada polo técnico e proseguir coas actuacións relativas á licitación, polo que se procede a apertura dos sobres "*oferta económica*" que conteñen a oferta dos criterios avaliables mediante fórmulas ou valores automáticos.

A mesa de contratación acorda proceder á apertura dos sobres electrónicos das licitadoras admitidas, relativos aos criterios cualificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos, recollidos no PCAP, resultando que a licitadora presenta a seguinte oferta.

| CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PUNTUACIÓN MÁXIMA 100 PUNTOS | |
|---|---|
| A. CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE CIFRAS, PORCENTAXES OU VALORES AUTOMÁTICOS | |
| CRITERIO Nº 1: OFERTA ECONÓMICA: PREZO | 30 |
| 1.1. OFERTA ECONÓMICA: PREZO TITULAR. USUARIAS PRINCIPAIS OU DIRECTAS | 20 |
| 1.2. OFERTA ECONÓMICA: PREZO COTITULAR1. PERSOAS BENEFICIARIAS OU ADICIONAIS CON UCR | 6 |
| 1.3. OFERTA ECONÓMICA: PREZO COTITULAR 2. BENEFICIARIAS SEN UCR OU INDIRECTAS | 4 |
| CRITERIO Nº 2: COMPROMISO ACHEGA DE BALDE TERMINAIS | 9 |
| CRITERIO Nº 3: COMPROMISO ACHEGA DE BALDE TERMINAIS PERIFÉRICOS | 13 |
| CRITERIO Nº 4: COMPROMISO ACHEGA DE BALDE DISPOSITIVOS DE TELEASISTENCIA MÓBIL XEOLOCALIZACIÓN E MOTORIZACIÓN ADAPTADOS DE XEITO TECNOLÓXICO | 13 |
| A. TOTAL CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS | 65 |

Oferta presentada pola licitadora Servicios de teleasistencia, S.A

| CRITERIO Nº1: PREZOS UNITARIOS | PREZO UNITARIO SEN IVE | IVE (4%) | TOTAL PREZO UNITARIO CON IVE |
|---|---|---|---|
| TITULAR. USUARIAS PRINCIPAIS OU DIRECTAS | 19,60 € | 0,78 € | 20,38 € |
| COTITULAR1. PERSOAS BENEFICIARIAS OU ADICIONAIS CON UCR | 0 | - | 0 |
| COTITULAR 2. BENEFICIARIAS SEN UCR OU INDIRECTAS | 0 | - | 0 |
| COMPROMISOS | | NÚMERO DE TERMINAIS / DISPOSITIVOS | |
| CRITERIO Nº 2: COMPROMISO ACHEGA DE BALDE TERMINAIS | | 90 | |
| CRITERIO Nº 3: COMPROMISO ACHEGA DE BALDE TERMINAIS PERIFÉRICOS | | 72 | |
| CRITERIO Nº 4: COMPROMISO ACHEGA DE BALDE DISPOSITIVOS DE TELEASISTENCIA MÓBIL XEOLOCALIZACIÓN E MOTORIZACIÓN ADAPTADOS DE XEITO TECNOLÓXICO | | 72 | |

A Mesa comprobou que ningún dos prezos está incurso en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa e acordou realizar a valoración da oferta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións á oferta presentada:

Puntuación da oferta técnica:

| CALIDADE PRESTACIONAL: PROPOSTA TÉCNICA VINCULADA CO PLAN DE TRABALLO | CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA NO ÁMBITO DA SUSTENTIBILIDADE E DA CALIDADE | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 18,00 | 13,50 | 31,50 |

Puntuación da oferta de criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas.

| PREZO | CRITERIO 2 | CRITERIO3 | CRITERIO4 | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| 20 | 9 | 13 | 13 | 55 |

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia ponderación:

| | LICITADOR | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | SERVICIOS DE TELEASISTENCIA, S.A. | 86,50 |

2º.- Requirir á empresa Servicios de teleasistencia, S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

| IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orzamento de licitación sen IVE) | IMPORTE DA GARANTÍA 5 % |
|---|---|
| 393.360,00 € | 19.668,00 € |

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 11:02 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico"(...).

12. Resolución de Presidencia do 24 de maio de 2024 con CSV: IV7XYHBTDV4SZZONSDVDK5ROIQ na que se resolve requirir á empresa Servicios de teleasistencia, S.A. a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP.
13. Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 24 de maio de 2024.
14. Documentación presentada pola empresa Servicios de teleasistencia, S.A. a través da plataforma de contratación do sector público o día 7 de xuño de 2024.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 13 de xuño de 2024, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente a carta de pago da garantía depositada, dilixencia de basanteo de poderes, certificado do rexistro oficial de licitadores (ROLECE) e xustificación do depósito de contas no rexistro mercantil.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso entèndese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Servicios de teleasistencia, S.A. a contratación do servizo de teleasistencia expediente 2024/CON_02/000021, polos seguintes prezos unitarios e compromisos:

| SERVIZO | DISPOSITIVOS | PREZO MES SEN IVE | IVE 4% | TOTAL DISPOSITIVO | IMPORTE ANUAL IVE INCLUÍDO |
|---|---|---|---|---|---|
| TITULAR. USUARIAS PRINCIPAIS OU DIRECTAS | 1555 | 19,60 € | 0,78 € | 20,38 € | 380.290,80 € |
| COTITULAR1. PERSOAS BENEFICIARIAS OU ADICIONAIS CON UCR | 180 | 8,00 € | 0,32 € | 8,32 € | 17.971,20 € |
| COTITULAR 2. BENEFICIARIAS SEN UCR OU INDIRECTAS | 60 | 4,00 € | 0,16 € | 4,16 € | 2.995,20 € |

O importe total da adxudicación ascende a 385.896,00 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 15.361,20 €, o que fai un total de 401.257,20 €.

| COMPROMISOS | NÚMERO DE TERMINAIS/ DISPOSITIVOS |
|---|---|
| ACHEGA DE BALDE DE TERMINAIS: por enriba dos esixidos obrigatoriamente pola adxudicataria, establecidos en 1.555, incluíndo a súa instalación, mantemento e prestacións vinculadas aos mesmos. | 90 |
| ACHEGA DE BALDE TERMINAIS PERIFÉRICOS: Dispositivos periféricos detectores de caídas, de gas, de fumes, de movemento e de presencia ou equivalente. | 72 |
| ACHEGA DE BALDE DISPOSITIVOS DE TELEASISTENCIA MÓBIL XEOLOCALIZACIÓN E MOTORIZACIÓN ADAPTADOS DE XEITO TECNOLÓXICO: terminais de teleasistencia móbil que conten cun sistema de xeolocalización e monitorización, que permita a emisión de alarmas e a localización da persoa usuaria, adaptados de xeito tecnolóxico as persoas usuarias do servizo de teleasistencia, isto é, por persoas maiores, con ou sen discapacidade. | 72 |

A duración do contrato será dun ano, coa posibilidade de prorrogalo de forma anual 3 veces mais ata un máximo total de 4 anos. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 11:22 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico".

15. Dilixencia de corrección de erros do día 18 de xuño de 2024 con CSV: IV7XEIPDPIJDWW5LRTWFCBPV4E

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Servicios de teleasistencia, S.A. a contratación do servizo de teleasistencia expediente 2024/CON_02/000021, polos seguintes prezos unitarios e compromisos:

| SERVIZO | DISPOSITIVOS | PREZO MES SEN IVE | IVE 4% | TOTAL DISPOSITIVO | IMPORTE ANUAL IVE INCLUÍDO |
|---|---|---|---|---|---|
| TITULAR. USUARIAS PRINCIPAIS OU DIRECTAS | 1555 | 19,60 € | 0,78 € | 20,38 € | 380.290,80 € |
| COTITULAR1. PERSOAS BENEFICIARIAS OU ADICIONAIS CON UCR | 180 | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| COTITULAR 2. BENEFICIARIAS SEN UCR OU INDIRECTAS | 60 | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |

O importe total da adxudicación ascende a 365.736,00 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 14.554,80 €, o que fai un total de 380.290,80 €.

| COMPROMISOS | NÚMERO DE TERMINAIS / DISPOSITIVOS |
|---|---|
| ACHEGA DE BALDE DE TERMINAIS: por enriba dos esixidos obrigatoriamente pola adxudicataria, establecidos en 1.555, incluíndo a súa instalación, mantemento e prestacións vinculadas aos mesmos. | 90 |
| ACHEGA DE BALDE TERMINAIS PERIFÉRICOS: Dispositivos periféricos detectores de caídas, de gas, de fumes, de movemento e de presencia ou equivalente. | 72 |
| ACHEGA DE BALDE DISPOSITIVOS DE TELEASISTENCIA MÓBIL XEOLOCALIZACIÓN E MOTORIZACIÓN ADAPTADOS DE XEITO TECNOLÓXICO: terminais de teleasistencia móbil que conten cun sistema de xeolocalización e monitorización, que permita a emisión de alarmas e a localización da persoa usuaria, adaptados de xeito tecnolóxico as persoas usuarias do servizo de teleasistencia, isto é, por persoas maiores, con ou sen discapacidade. | 72 |

Coa seguinte distribución por anualidades:

| 2024 (5,5 MESES) | RC | 2025 (6,5 MESES) | RC | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|
| 174.299,95 | 22024/7706 | 205.990,85 | 220249/106 | 380.290,80 |

**2º.-** Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2024, pola cantidade de 174.299,95 €, para a anualidade 2024.
A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

**3º.-** A duración do contrato será dun ano, coa posibilidade de prorrogalo de forma anual 3 veces mais ata un máximo total de 4 anos. O prazo comezará a contar a partir

do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as operacións derivadas do cumprimento do mesmo axustándose aos prazos e lugar de entrega indicados no Prego de prescricións técnicas (PPT).

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes" ano 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Asunto: informe favorable.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Viveiro (EXP-2024/PES_03/013192) no que solicita a formalización dun convenio coa Deputación de Lugo para cooperar no

financiamento dos gastos derivados da actuación "Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes" ano 2024, por importe total de 1.125.000,00 € (dos que 350.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 12/71 |

xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as

relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 14/71 |

os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.
Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
Réxime de modificación do convenio.
Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei".

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

*Conclusións.*

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).
Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..."e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 16/71 |

prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Viveiro, consonte ao establecido no artigos 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais "poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen". Así mesmo, en base ao disposto nos artigos 25 e 26 da LRBRL, o Concello de Viveiro exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira.- O borrador do convenio adecuase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2024 coas adaptacións necesarias dada a natureza do obxecto do convenio.

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP.

Quinta.- Consta informe favorable (RC) de Intervención, por importe de 350.000,00€ na aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a tramitación do expediente."

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Fomento do

asociacionismo, acción social e gastos correntes" ano 2024 por importe total de 1.125.000,00 € cuxo contido é o seguinte:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes" ano 2024.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona María Loureiro García, alcaldesa do Concello de Viveiro, con NIF P2706700H e sede social na Praza Maior, 1, CP 27850, Viveiro, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 18/71 |

dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 20/71 |

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.



| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 21/71 |

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.
En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que

representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

| Actuación: FOMENTO DO ASOCIACIONISMO, ACCIÓN SOCIAL E GASTOS CORRENTES | CUSTE TOTAL (IVE engadido) |
|---|---|
| Fomento do asociacionismo | 207.000,00 € |
| Axuda no fogar para dependentes | 835.000,00 € |
| Limpeza viaria | 55.000,00 € |
| Alumeado público | 28.000,00 € |
| CUSTE TOTAL | 1.125.000,00 € |

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 350.000,00 € | 775.000,00€<br>(75.000,00 € para fomento do asociacionismo e 700.000,00 € para axuda no fogar para dependencia) |
| TOTAL: 1.125.000,00 € | |

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Viveiro.

| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 23/71 |

Terceira.- Fin común.
Coa formalización do presente convenio pretendese apoiar, a través do movemento asociativo, a mediación social e intercultural entre os veciños e veciñas de Viveiro, así como contribuír á prestación de servizos no Concello de Viveiro.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.
4.2. O Concello de Viveiro.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro, comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.
3. Realizar a tramitación xuridico-adminsitrativa necesaria para a correcta execución do obxecto do convenio.
4. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
6. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.
A) Achegas.
1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 350.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.- Achega do Concello.
O Concello de Viveiro financiará 775.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.
Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será das asociacións de veciños do concello de Viveiro.
Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Viveiro se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de setembro de 2025 Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/ Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.
O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria. un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.
Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:
Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)
Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).
A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Décima.- Comisión de seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 27/71 |

c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.
A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo segunda.- Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamentepor consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación,

sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 350.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.**

*Proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa Gayoso Castro, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo da Granxa Gayoso Castro, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

| Nº DE FACTURA | ACREEDOR | CIF | DATA FACTURA | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | DATA REALIZACIÓN | NATUREZA XURIDICA | Concepto orzamentario/ADO provisional | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 75202419900020003427 | MAPFRE ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. | A28141935 | 2024-04-09 | Póliza de seguros para o aseguramento de 6 eguas de Pura Raza Galega(PRG) incorporadas á explotación de gando cabalar GTM 2024/FAC_01/001346 | PERIODO 18/03/24 AO 02/12/24 | Servizos | 4120.224 92024/5045 | 1.167,34 € |
| TOTAL | | | | | | | | 1.167,34 € |

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo da Granxa Gayoso Castro manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 30/71 |

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 11.06.2024 na que se aproba que se continué co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de segundo a base 20.2 e 4. c de execudón do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da abriga e proposta de pagamento polo importe 1.167,34 € da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando a prestación executada, recoñecendo a obriga e propoñendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de: 1.167,34 €.

| Nº DE FACTURA | ACREEDOR | CIF | DATA FACTURA | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | DATA REALIZACIÓN | NATUREZA XURIDICA | Concepto orzamentario/ADO provisional | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 75202419900020003427 | MAPFRE ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. | A28141935 | 2024-04-09 | Póliza de seguros para o aseguramento de 6 eguas de Pura Raza Galega(PRG) incorporadas á explotación de gando cabalar GTM 2024/FAC_01/001346 | PERIODO 18/03/24 AO 02/12/24 | Servizos | 4120.224 92024/5045 | 1.167,34 € |
| TOTAL | | | | | | | | 1.167,34 € |

Total: 1.167,34 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 45 DO POLÍGONO INDUSTRIAL “OS ACIVROS”, CONCELLO DE CHANTADA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En data de 11 de abril de 2024, foi presentado un escrito por D. José Vázquez López, en representación da empresa Biomiño SL mediante o que expoñen que están interesados na adquisición da parcela número 45, situada no Polígono Industrial “Os Acivros” de Chantada e solicita a súa adquisición por importe de corenta mil

setecentos cinco euros con sesenta céntimos (40.705,60€) máis IVE mediante pago aprazado a 5 anos, con cotas trimestrais.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021 e modificado mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 10 de setembro de 2021, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial “Os Acivros” do Concello de Chantada aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 45 do Polígono Industrial “Os Acivros” no Concello de Chantada ten un prezo de licitación, publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de corenta mil setecentos cinco euros con sesenta céntimos (40.705,60€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, recolle na súa cláusula 20:

“No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións”.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 11 de xuño de 2024, con CSV IV7XEWBSBI7ORHO36V5U5YQAGY.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 12 de xuño de 2024, con CSV IV7XEUK3HFPTTOB7YI4BEQJUEM.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 45 do Polígono Industrial "Os Acivros", no Concello de Chantada, a favor da empresa Biomiño SL por importe de corenta mil setecentos cinco euros con sesenta céntimos (40.705,60€) máis IVE, mediante pago aprazado a cinco anos, con cotas trimestrais, de acordo co disposto no prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento.

**2º.-** Formalizar o contrato compraventa da parcela número 45 do Polígono Industrial "Os Acivros" no Concello de Chantada, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de Biomiño SL.

**3º.-** Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 45 do Polígono Industrial de "Os Acivros", no Concello de Chantada, con referencia catastral 0353602PH0105S0001WF."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS Á INFORMACIÓN PÚBLICA DO ANEXO EXPROPIATORIO E DA INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO: ANTAS DE ULLA.- "CONSTRUCIÓN DO PARQUE CENTRAL DE GALICIA EN NUGALLÁS".**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 26/04/2024 aprobou o anexo expropiatorio e o inicio do expediente expropiatorio para a realización das obras do proxecto denominado: "ANTAS DE ULLA.- Construción do Parque Central de Galicia en Nugallás".

Dentro do período de exposición pública, Dª Ana María Pereiro Fernández e D. Fidel Pereiro Fernández presentaron alegacións ao referido acordo que comprenden, de xeito resumido, as seguintes cuestións e demandas:

1.- "Estiman o referido expediente de expropiación forzosa, dito sexa con todo respecto e en termos de estrita defensa, lesivo para os seus intereses e dereitos."
2.- Acreditan mediante documentación o cambio da titularidade da parte correspondente ao seu finado pai D. Fidel Pereiro Varela a favor deles, Dª Ana María Pereiro Fernández e D. Fidel Pereiro Fernández.

A outra parte segue a corresponderlle a D. José César Pereiro Varela, tío deles e que se encontra tutelado pola FUNGA.
3.- Afirman que sempre estiveron de acordo en vender de xeito amistoso, a razón de 6€/m$^2$, a súa parte da parcela obxecto de expropiación, non podendo facelo da totalidade por necesitar dunha autorización xudicial que o permita por encontrarse seu tío tutelado.
4.- Con base no exposto, conclúen coa solicitude de paralización do expediente de expropiación forzosa da citada parcela.

Unha vez analizado o escrito de alegacións en relación co expediente, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Desestimar a pretensión sobre a paralización do expediente por ser os terreos necesarios para o desenvolvemento do proxecto e non estar capacitados os solicitantes para a realización de ningún trámite sobre da súa totalidade.

**2º.-** Desestimar a alegación no relativo á valoración por non proceder neste momento manifestarse sobre o prezo, sendo a continuación da resolución destas alegacións o momento para iniciar a fase de xustiprezo.

**3º.-** Con base na documentación aportada, proceder ao cambio de titularidade, do seguinte xeito:

| Nº finca | Titularidade anterior | Nova titularidade |
|---|---|---|
| 1 | José César Pereiro Varela e Herdeiros de Fidel Pereiro Varela | José César Pereiro Varela, Ana María Pereiro Fernández e Fidel Pereiro Fernández |

**4º.-** Coa resolución destas alegacións dar por aprobado definitivamente o anexo expropiatorio e declarada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos incluídos nel, de acordo co artigo 17.2 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF).

**5º.-** Continuar co expediente expropiatorio procedendo ao inicio da fase de xustiprezo mediante o envío do intento de mutuo acordo con base nos artigos 24 da LEF e seguintes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 34/71 |

**8.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA NAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN (Nº EXPEDIENTE PLACSP: CC.-01/2022)**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía, asinado tamén pola Xefa do Servizo de contratación e fomento, de data 17 de xuño de 2024, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*.

1.- Na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019, esta Deputación Provincial adoptou entre outros acordos, adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita Central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

2.- En relación á subministración de enerxía eléctrica, a FEMP oferta para os seus asociados a adhesión ao seu contrato de enerxía eléctrica. O 12 de maio de 2022, a FEMP subscribiu un novo Acordo Marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP (Nº expediente PLACSP: CC.-01/2022)[3], posto que o anterior contrato o PLACSP: CC.- 02/2019 foi resolto con data do 22 de novembro de 2021. O contrato está dividido en tres lotes, sendo o lote que corresponde a esta entidade o lote 1: Península. Dentro deste lote temos 1 adxudicatario: Iberdrola Clientes, S.A.U.
Respectando o indicado na cláusula 6 do PCA: "Plazo de duración del Acuerdo Marco", a duración inicial do contrato será de 2 anos, que poderá ser obxecto de dúas prórrogas anuais, de doce meses cada unha. Non obstante, poderá pactarse que a duración das citadas prórrogas sexa inferior a doce meses no seno da Comisión de Control e Supervisión do Acordo Marco por mutuo acordo entre o Órgano de Contratación e todas as adxudicatarias de cada lote. A duración total do Acordo Marco, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 48 meses (4 anos), de conformidade co disposto no artigo 219.2 da LCSP.

[3]https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=9ENvz3oEJmKXQV0WE7lYPw%3D%3D


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 35/71 |

Con data 03 de abril de 2024 a FEMP adoptou a seguinte resolución: "Prorrogar el Acuerdo Marco (Lotes 1 a 3) para el suministro de electricidad en alta y baja tensión a través de la Central de Contratación de la FEMP desde el 13 de mayo de 2024 hasta que se produzca la formalización del nuevo Acuerdo Marco para el suministro de electricidad y siempre y cuando no se rebase el plazo de los 12 meses máximo".

Tal e como se indica na mencionada cláusula 6 do PCA: "Plazo de duración del Acuerdo Marco" así como tamén na cláusula 21.2 do PCA: "Inicio y duración de los Contratos Basados", os Contratos Baseados poderán adxudicarse durante a vixencia do Acordo Marco, incluída a prórroga deste. A data relevante para entender que se cumpriu este requisito será, conforme ao establecido no artigo 219.3. b) da LCSP, a data de adxudicación do Contrato Baseado, por ter o Acordo Marco un so adxudicatario. Ademais nesa mesma cláusula 6 tamén se indica: "No obstante, la duración de los Contratos Basados podrá exceder la del Acuerdo Marco, con las limitaciones previstas en el PCA".

O sinalado na cláusula 21.2 do Prego de Cláusulas Administrativas do Acordo Marco é conforme co establecido ao respecto no artigo 219.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, onde se dispón que "La duración de los contratos basados en un acuerdo marco será independiente de la duración del acuerdo marco, y se regirá por lo previsto en el artículo 29 de la presente Ley, relativo al plazo de duración de los contratos y de ejecución de la prestación, así como por los pliegos reguladores del acuerdo marco". Pola súa banda o artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público establece que "Los contratos de suministros y de servicios de prestación sucesiva tendrán un plazo máximo de duración de cinco años, incluyendo las posibles prórrogas".

3.- No que respecta ao actual contrato de enerxía eléctrica da Deputación de Lugo a situación é a seguinte: A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2020 adoptou entre outros acordos, adxudicar o Contrato Baseado para a subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo, a través do Acordo Marco da central Central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (Nº expediente PLACSP: CC.- 02/2019) a favor da empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. A data de inicio do contrato foi o 27 de xullo de 2020 sendo a duración do mesmo de un ano, contemplándose a posibilidade de celebrar tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas de un ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.

En data 24 de xuño de 2021, mediante resolución da presidencia da Deputación de Lugo, aprobouse a prórroga nº 1 dun ano do Contrato Baseado para a subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo, a través do Acordo

Marco da central Central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión

En data 23 de xuño de 2022, mediante resolución da presidencia da Deputación de Lugo, aprobouse a prórroga nº 2 dun ano do Contrato Baseado para a subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo, a través do Acordo Marco da central Central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.

En data 08 de xuño de 2023, mediante resolución da presidencia da Deputación de Lugo, aprobouse a prórroga nº 3 dun ano do Contrato Baseado para a subministración de enerxía eléctrica para a Deputación de Lugo, a través do Acordo Marco da central Central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.

Polo tanto a data de remate do contrato, unha vez finalizada a prórroga nº 3 (derradeira prórroga) será o próximo 26 de xullo de 2024.

4.- Unha vez remate o actual contrato de subministración de enerxía eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo, o 26 de xullo de 2024, e posto que seguirá existindo a necesidade de subministrar enerxía a ditas dependencias, será preciso dispor dun novo contrato o cal permita prestar tal subministración. Para que esta nova subministración poida comezar o 27 de xullo de 2024, é preciso que se inicien os trámites desta nova contratación. Ante dita necesidade, a Deputación de Lugo ao estar adherida á Central de Contratación da FEMP, pode volver a contratar esta subministración da enerxía eléctrica a través do Acordo Marco vixente que a FEMP ofrece aos seus asociados para a subministración da enerxía eléctrica (Nº expediente PLACSP: CC.- 01/2022). Tal e como se indica no punto 2 do presente documento, dito Acordo Marco estará vixente ata o 13 de maio de 2025 ou ata que se produza a formalización do Novo Acordo Marco. Con respecto á formalización dun novo Acordo Marco, dende a FEMP se está actualmente a tramitar un novo contrato "Expediente: CC.-02/2024[4]. A situación do mesmo impide que dito contrato sexa formalizado antes do vindeiro 21 de xuño de 2024, data na cal a Deputación ten previsto adxudicar o expediente 2024/CON_02/000038: Subministración de enerxía eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (nº expediente PLACSP: CC.-01/2022), polo tanto o contrato de luz vixente pola FEMP no momento de adxudicación do Contrato Baseado será o (Nº expediente PLACSP: CC.-01/2022), algo tamén ratificado pola FEMP por mail "El actual Acuerdo Marco

[4] https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=iT%2BC33j036J6nTs9LZ9RhQ%3D%3D

para el suministro eléctrico (CC.- 01/2022) termina su vigencia originaria el 12 de mayo,pero esta será prorrogado con efectos desde el 13 de mayo hasta que se produzca la formalización del nuevo Acuerd Marco que actualmente está en licitación (CC.- 02/2024). Adjuntamos la resolución de aprobación expresa de la prórroga del órgano de contratación de la FEMP, que desplegará sus efectos a partir del 13 de mayo, dando continuidad a la prestación para los asociados. En atención a esta información, entendemos que no hay problema para vuestra entidad para adjudicar el contrato basado bajo la vigencia de la prórroga del Acuerdo Marco".

5.- Con data 10 de maio de 2024 a Presidencia da Deputación de Lugo adoptou a seguinte resolución:
1. "Ordenar que a tramitación da contratación da subministración de enerxía eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo- EXPEDIENTE 2024/CON_02/000038 se realice a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (Nº expediente PLACSP: CC.- 01/2022).
A estes efectos, a tramitación, a adxudicación e a execución deste Contrato Baseado se rexerán polos Pregos reitores do Acordo Marco e pola normativa aplicable a este tipo de contratos.
2. Facultar á Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía, para realizar a través da plataforma habilitada pola FEMP todos os trámites precisos para proceder á contratación de referencia.
En relación a esta cuestión, corresponderalle á dita Sección, entre outros trámites, cursar a invitación solicitando oferta para o Contrato Baseado de acordo cos modelos aprobados pola FEMP e no que se concretarán os termos que rexerán a nova licitación atendendo as características sinaladas na presente Resolución. Tamén lle corresponderá a apertura da oferta presentada, podendo estar asistido na mencionada apertura por persoal do Servizo de Contratación e Fomento. Tal e como se indica na cláusula 21.1 do PCA: "Procedimiento para la tramitación de los Contratos Basados", a invitación será remitida a tódolos adxudicatarios do Acordo Marco para o lote de referencia desta entidade, o Lote 1, que neste caso é unha única empresa: Iberdrola Clientes, S.A.U.
3. Encomendar á Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía as tarefas relativas á execución e seguimento do contrato baseado. En ningún caso, esta encomenda incluirá, as tarefas relativas ao mantemento e xestión das instalacións, sendo responsable das mesmas o Servizo da Deputación de Lugo que as estea asumindo actualmente.
4. Nomear a D. Jose Antonio Arias Lombardero, Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá como responsable do Contrato Baseado".

6.- Con data 27 de maio de 2024, conforme ao establecido na cláusula 21 do PCA "Contratos basados en el acuerdo Marco", dende a Deputación de Lugo procedeuse ao envío da invitación a única empresa adxudicatarias do Acordo Marco: Iberdrola Clientes, S.A.U., a través da plataforma da FEMP, sendo o prazo de presentación de ofertas de 7 días hábiles a contar dende o seguinte ao envío do Documento de Invitación. A data límite para presentar ofertas rematou o 05 de xuño de 2024 as 23:59h. A empresa presentou a súa oferta dentro do prazo establecido. A apertura da oferta foi realizada con data 06 de xuño de 2024 a través da plataforma habilitada ao efecto pola FEMP. En relación á necesidade de que na adxudicación deste Contrato Baseado o órgano de contratación deba estar asistido por unha mesa de contratación así cómo tamén no que respecta á regulación da presunción de anormalidade das ofertas, se incorpora ao expediente consulta realizada á central de contratación da FEMP (dita consulta foi realizada para o contrato de Gas Natural pero a contestación é aplicable tamén a este contrato), na que textualmente se responde:
Notar que TRAGSA, é medio propio da Deputación de Lugo, dende a formalización o 17.12.2019 da compra dunha acción da citada entidade.

As relación de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, con poderes adxudicadores dos que son mediospropios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.
No punto 4 da citada Disposición Adicional 24e da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e

ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os necesarios para o mellor usa e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo deactuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

En consecuencia, dende o Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo considérase imprescindible encomendar a TRAGSA a realización dos servizos que se relacionan e describen no Proxecto adxunto a esta proposta de Acordo.

En relación ao gasto que suporán este encargo establecer que importe total do encargo a TRAGSA ascende a 116.068,62 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 1720.619 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Visto que no expediente de referencia consta a seguinte documentación:

Orzamento do encargo a TRAGSA para a execución dos traballos de reposición da legalidade e realización dos traballos de recuperación de marxes mediante o uso de técnicas de bioenxeñería e técnicas tradicionais nos ríos Rato en Lugo e Cabe en Monforte de Lemos.

Certificado emitido por TRAGSA relativo á suficiencia e estrutura e medios suficientes para realizar o encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros no excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo presente dun 20%.

Certificado de consignación orzamentaria emitido pola Intervención da Deputación de Lugo.

Memoria técnica que rexerá o encargo da execución dos traballos de reposición da legalidade e realización dos traballos de recuperación de marxes mediante o uso de técnicas de bioenxeñería e técnicas tradicionais nos ríos Rato en Lugo e Cabe en Monforte de Lemo a TRAGSA, elaborada polo Servizo de Medio Ambiente.

Esta proposta de gasto financiarase con cargo a anualidade 2024, figurado crédito disponible suficiente no orzamento deste ano na aplicación orzamentaria sinalada.

Por todo o exposto anteriormente e analizando a documentación técnica elaborada polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo, proponse, á Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o encargo da execución dos traballos de reposición da legalidade e realización dos traballos de recuperación de marxes mediante o uso de técnicas de bioenxeñería e técnicas tradicionais nos ríos Rato en Lugo e Cabe en Monforte de Lemos. Que terá un prazo de execución de 4 meses.

**2º.-** Aprobar o gasto do Encargo por importe de cento dezaseis mil sesenta e oito euros con sesenta e dous céntimos (116.068,62 €).

**3º.-** Ordenar a execución dos traballos ao medio propio TRAGSA de acordo coas especificacións da memoria que se xunta ao expediente coa presente proposta.

**4º.-** Nomear como responsable do encargo para a súa supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados por parte da Deputación de Lugo, ao Xefe de Servizo de Medio Ambiente, Luis J. Fernández Reija.

**5º.-** O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución, tal e como esta ba definida con anterioridade a súa modificación.

**6º.-** O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público mediante resolución da Deputación de Lugo, se prexuízo da continuidade daquela actuación que se topase en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

**7º.-** As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución desta prórroga serán resoltas de forma executiva pola Deputación de Lugo.

**8º.-** O encargo dos traballos definidos a TRAGSA non implicará a delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación de Lugo.

**9º.-** O encargo da actividade de execución dos traballos de reposición da legalidade e realización dos traballos de recuperación de marxes mediante o uso de técnicas de bioenxeñería e técnicas tradicionais nos ríos Rato en Lugo e Cabe en Monforte de Lemos, a TRAGSA implicará que, no caso de producírense imprevistos que supoñan a necesidade de suspender temporalmente o encargo, ou de levar a cabo unha reformulación do mesmo que supoña unha redución no orzamento destinado inicialmente ao servizo, a deputación non terá que indemnizar a TRAGSA."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/039, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/039, correspondente á AA.VV. de Parteme as obras de "Acondicionamento e Recuperación Espazo Público en Parteme", concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A AA.VV. de Parteme, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. de


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 56/71 |

Parteme (Quiroga), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/039, destinada ás obras de "Acondicionamento e Recuperación Espazo Público en Parteme" por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2023/070, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 12 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/070, correspondente ao MVMC Regueiral y Eiros as obras de "Mellora da accesibilidade no lugar de Torés", concedéndolle unha subvención por importe de 5.695,00 €.

Terceiro.- Con data 5 de abril de 2024 a Xunta de Goberno, acordou aprobar a corrección de erro de transcrición no importe da subvención solicitada e concedido, correspondente ao expediente nº SUBDOT-2023/070, MVMC Regueiral y Eiros, onde dicía 5.696,00 €, debía dicir 5.695,00 €.

Cuarto.- O MVMC Regueiral y Eiros presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 12 de decembro de 2023.

Quinto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 12 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC Regueiral y Eiros (As Nogais), tramitada co número de expediente SUBDOT-2023/070, destinada ás obras de "Mellora da accesibilidade no lugar de Torés" por un importe de 5.695,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS TARIFAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE REXEN PARA A MATRÍCULA E PARA REPETIDORES DOS CICLOS DE GRADO SUPERIOR DE PRODUCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS E DE REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Visto o informe da Interventora Xeral.

Logo de ver o informe asinado pola Xefa de Servizo de Audiovisuais e do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, emítese o seguinte informe:

O mencionado Informe fai mención a:

"... As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten. Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de

| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 58/71 |

Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboen unha matricula de 600 €.

"Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobe as materias que se imparten. Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación proponse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €. O Padroado , co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos."

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo. ..."

A proposta é relativa á gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente. Do estudo do expediente non se aprecia a existencia de actos que recoñezan obrigas de contido económico polo que o expediente non está sometido a fiscalización previa.

En canto aos ingresos que puidesen xurdir no futuro, non procede a fiscalización previa de dereitos que é substituída pola toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría segundo a regulación da base 36 de execución do orzamento.

Segundo os antecedentes que obran nesta Intervención o Padroado da extinta Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aprobou en sesión celebrada o día 19 de novembro de 2012 o importe da matrícula dos ciclos formativos da TIC (publicado no BOP nº 152, de 4 de xullo de 2013) e nos acordos do Pleno da Deputación de Lugo e da Fundación TIC no que se aprobaba a extinción da Fundación establecíase a sucesión universal de todas as obrigas, contratos, bens e dereitos da Fundación TIC, polo que se entende que as tarifas aprobadas son de aplicación, non obstante como xa se recomendou en pasados informes, debería tramitarse expediente de importe de matricula para a súa aprobación polos órganos competentes da Deputación de Lugo.

Vista a solicitude de aprobación da Xefa do Servizo.

Que a extinta Fundación TIC contaba cunha Escola de Imaxe e Son (CPRTIC) na que se impartían os ciclos formativos de grao superior de produción de audiovisuais e espectáculos e de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través da Orde do 17 de decembro de 2003, publicada no DOGA do venres, 2 de xaneiro de 2004.

Coa subrogación da actividade e do persoal da Fundación TIC por parte da Deputación de Lugo, con efectos de 1 de xaneiro de 2019, creouse un novo servizo de Audiovisuais, no que se integrou a actividade e o persoal da extinta Fundación TIC cuxo obxectivo é servir de ferramenta para a formación, produción e promoción en materia audiovisual.

O procedemento de admisión do alumnado para os ciclos de grado superior é igual ao que se levaba a cabo na extinta Fundación TIC e tamén é igual ao da Xunta de Galicia.

As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten.

Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboen unha matricula de 600 €.

"Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobe as materias que se imparten.
Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación proponse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €.
O Padroado , co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos."

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo.

En consecuencia con todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a proposta relativa sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE PSICÓLOGO/A NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver o informe da Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos, no que manifesta que se modifica a redacción do epígrafe do presente asunto, quedando como segue: **PROPOSTA DE APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCEDEMENTO SELECTIVO DE PSICÓLOGO/A PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que foi caducada por decreto da presidencia de data catro de xuño de dous mil vinte e catro (04/06/2024) a listaxe de emprego temporal de psicólogo/a polo que

neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos; constatándose a necesidade de que a entidade cree unha nova listaxe para poder atender as posibles carencias nos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o ano 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española- proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo temporal de psicólogo/a. Ditas bases complementarán ás bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público – RRHH - selección temporal.

**2º.-** Ordenar a publicación das presentes bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE AUXILIAR NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver o informe da Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos, no que manifesta que se modifica a redacción do epígrafe do presente asunto, quedando como segue: **PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, AS BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCEDEMENTO SELECTIVO DE AUXILIAR PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 62/71 |

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade,neste momento hai escaso persoal dispoñible na listaxe de emprego temporal de Auxiliar para ser chamado á prestación de servizos no caso de existir a necesidade de cubrir un/ha posto/praza de forma urxente, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a listaxe de emprego temporal para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a mesma, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o ano 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española- proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo temporal de auxiliar. Ditas bases complementarán ás bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público – RRHH - selección temporal.

**2º.-** Ordenar a publicación das presentes bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR**

**SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver o informe da Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos, no que manifesta que se modifica a redacción do epígrafe do presente asunto, quedando como segue: **PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade,neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe de emprego temporal de maquinista-condutor/a, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o exercicio 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, "Se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos"-, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo temporal de maquinista-condutor/a. Ditas bases complementarán ás bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con

discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público – RRHH - selección temporal.

**2º.-** Ordenar a publicación das presentes bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASE ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE PEÓN/PEOA REPARACIÓNS VÍAS PROVINCIAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver o informe da Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos, no que manifesta que se modifica a redacción do epígrafe do presente asunto, quedando como segue: **PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO DE PEÓN/PEOA DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade,neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe de emprego temporal de peón/peoa de reparación de vías provinciais, constatándose a necesidade de que a entidade amplíe a listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de

Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o exercicio 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, "Se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos"-, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo temporal de peón/peoa de reparación de vías provinciais. Ditas bases complementarán ás bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público – RRHH - selección temporal.

**2º.-** Ordenar a publicación das presentes bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DO XEFE SERVIZO II EXPROPIACIÓNS E CONTROL PROXECTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que D. José Antonio Mondelo Rodríguez, nacido o 19 e xullo de 1958, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de "Xefe/a Servizo II Expropiacións e Control Proxectos, presentou escrito o pasado 3 de abril de 2024, conformado polo Sr. Presidente desta Entidade, D. José Tomé Roca, no que se propón, á vista das necesidades do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, a prolongación de pemanencia no servizo activo, por un ano máis.


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 66/71 |

Tendo en conta que por Acordo da Xunta de Goberno de data 21 de abril de 2023, á vista das necesidades do servizo e a conformidade do interesado se lle autorizou unha primeira prolongación, dende o 20 de xullo de 2023 ata o 19 de xullo de 2024.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

"Anexo V.
Xubilación do persoal funcionario e laboral.
A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.
Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose , en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.
É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.
Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:
a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.
b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.
c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerase, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:
1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.
Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada."

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o prevido no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, ademais das tarefas habituais de xestión ordinaria, se describen un conxunto de


| | IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Fecha y Hora | 26/06/2024 16:43:24 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XGYI5HFEZ37XDCHWC55HPGU | Página | 68/71 |

tarefas específicas que é necesario acometer, e que os procesos de substitución necesitan dun tempo de adaptación e adquisición de experiencia. Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2022 a 30 de novembro do 2023) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Á vista de canto antecede e dos informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido e que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á pretensión do funcionario de carreira, D. José Antonio Mondelo Rodríguez de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, é dicir, dende o 20 de xullo de 2024 ata o 19 de xullo de 2025, por ser esa a data na que se agarda ter paliado as necesidades que motivan a decisión."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que don Jesús Rodríguez Cao, cumpre os 65 anos de idade o día 12 de xullo de 2024 e que á citada data terá recoñecidos 36 anos, 11 meses e 6 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 12 de xullo de 2024, data previsible de

xubilación forzosa, acreditando, segundo informe de vida laboral, unha carreira de cotización ao Réxime Xeral de Seguridad Social, de máis de 44 anos, polo tanto superior aos 38 anos e que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta a normativa de aplicación:
Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:
"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:
a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.
[...].
3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida
(...)".

Artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:
a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.
[...].
3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
(...)".
4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade."

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

"As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

| Ano | Períodos cotizados | Idade esixida |
|---|---|---|
| 2024 | 38 anos ou máis | 65 anos. |
| | Menos de 38 anos | 66 anos e 6 meses |

[…].”.
Considerando que don Jesús Rodríguez Cao terá acreditado, á data do 12 de xullo de 2024, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, don Jesús Rodríguez Cao, con efectividade do día 12 de xullo de 2024, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**